

CRTVG

***ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA***

***Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.
Outubro 2017***

As TIC nas Administracións Públicas

Liñas principais da normativa sobre administración electrónica:

- Recoñecemento do **dereito dos cidadáns** a relacionarse coas administracións públicas empregando medios electrónicos.
- **Obriga de dispoñer os medios necesarios** para facer efectivo este dereito.
- Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (Medios EIT) como **forma habitual de comunicación** das administracións públicas.

Actuacións en materia de Administración Electrónica na CRTVG

As actuacións en materia de administración electrónica consisten en:

Fixar **obxectivos** e liñas de actuación

Desenvolver un **plan de implantación** coa seguinte estrutura:

1. Nivel Estratéxico


2. Nivel Operativo



Obxectivo Principal:

- **Avanzar na implantación da administración electrónica na CRTVG,** a fin de cumprir coas disposicións que establece a normativa na materia, mellorar o funcionamento da Corporación e pór a disposición das persoas e entidades coas que se relaciona as ferramentas adecuadas para relacionarse con ela.

Obxectivos



O obxectivo principal desenvólvese nunha serie de **obxectivos específicos:**

- Implantación de actuacións no ámbito da administración electrónica na **xestión e procedementos**.
- Tramitación da **contratación administrativa** a través de medios electrónicos.
- Establecemento dos procedementos electrónicos dispoñibles para as actuacións de **xestión económica e orzamentaria**.

Plan de Implantación. Nivel estratéxico

O **nivel estratéxico** comprende os elementos comúns a todas as medidas para a consecución dos obxectivos específicos.

**Nivel
estratéxico**



Principios e fundamentos
de actuación

Elementos organizativos

Nivel estratéxico. Principios e fundamentos de actuación

Principios e fundamentos de actuación

1. Accesibilidade
2. Interoperabilidade
3. Eficiencia
4. Publicidade e transparencia
5. Seguridade
6. Uso da lingua galega

Nivel estratéxico. Principios e fundamentos de actuación

- **Accesibilidade:** empregaranse estándares e especificacións técnicas abertas ou de uso xeralizado polos cidadáns, de modo que a información e os servizos dispoñibles sexan accesibles a través de distintos soportes, canles ou entornos.
- **Interoperabilidade:** adoptaranse as medidas informáticas, tecnolóxicas, organizativas e de seguridade para facilitar o intercambio de información e compartir datos.
- **Eficiencia:**
 - Terase en conta a contribución á organización en termos custe/beneficio cara abordar a implantación dos sistemas de administración electrónica.
 - As novas aplicacións electrónicas deberán contribuir a unha xestión máis eficiente dos procedementos aos que dan soporte.

Nivel estratéxico. Principios e fundamentos de actuación


- **Publicidade e transparencia:** os procedementos electrónicos establecidos serán obxecto de publicidade para dar a coñecer aos usuarios a dispoñibilidade dos novos sistemas e aplicacións.
- **Seguridade:** incorporaranse as medidas que garantan a seguridade dos sistemas, datos e comunicacións, tanto nos procesos internos e interadministrativos, como nas relacións cos particulares, atendendo en particular á normativa de protección de datos de carácter persoal.
- **Uso da lingua galega:** adoptaranse todas as medidas técnicas necesarias a fin de cumprir co previsto na normativa sobre o uso da lingua galega.

Nivel estratéxico. Elementos organizativos

Elementos organizativos

1. Unidades xestoras
2. Relacións de colaboración e asistencia
3. Prazo de execución
4. Plan de comunicación

Nivel estratéxico. Elementos organizativos



Nivel estratéxico. Elementos organizativos

- **Relacións de colaboración e asistencia:** Para levar a cabo a implantación das actuacións establecidas no ámbito da administración electrónica, estableceranse os instrumentos de colaboración necesarios con entidades ou centros xestores con competencias na materia.
- **Prazo de execución:**
 - **Inicio:** Na actualidade xa hai procedementos en marcha e aplicacións operativas, en todo caso, prevese a súa implantación progresiva das restantes no curto prazo.
 - **Fin:** Os procedementos nesta área e as correspondentes aplicacións operativas estímase que se desenvolverán, de xeito maioritario, durante o ano 2018.

Nivel estratéxico. Elementos organizativos


- **Plan de Comunicación:** permite dar a coñecer as medidas adoptadas, a súa efectiva implantación e a información relevante para os cidadáns e usuarios sobre os novos procedementos e medios dispoñibles.

Actuacións do Plan de Comunicación

- Publicar o documento sobre Administración Electrónica no portal web da CRTVG.
- Incluír os procedementos e servizos adaptados na Guía de Procedementos e Servizos da Xunta de Galicia, no caso de que proceda a súa incorporación.
- Informar ao persoal da CRTVG que realice funcións susceptibles de empregar as novas aplicacións, da dispoñibilidade das mesmas e, no seu caso, da información para o seu uso.
- As restantes actuacións que se consideren oportunas para a promoción e difusión do uso de medios electrónicos, informáticos y telemáticos (medios EIT) na CRTVG.

Nivel operativo

- **Nivel Operativo.** Contén as medidas concretas que se adoptarán en aplicación das actuacións. Estas agrúpanse nas seguintes liñas de traballo:



Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- Impulsarase, sempre que sexa posible, o uso de medios electrónicos nos procesos de traballo e á xestión dos procedementos e actuacións administrativas.

Xestión e procedementos administrativos

1. Rexistro electrónico

2. Sistema de notificacións electrónicas. **Notifica.gal**

3. Nodo de Interoperabilidade de Galicia. **Plataforma PasaXe!**

4. **Portal do Empregado**

5. Relacións coa Administración de Xustiza. **LexNet**

Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- **Rexistro electrónico:** O uso de medios electrónicos vai supoñer a automatización dos rexistros presenciais, coa interconexión dos rexistros dos distintos órganos e o acceso por medios electrónicos dos asentos rexistrados e da presentación e obtención de copias das solicitudes, escritos e comunicacións así como de aqueles documentos que as acompañen.

Nesta primeira liña de traballo proxéctase a integración da Corporación RTVG no Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia, que traerá consigo un funcionamento máis eficiente na xestión administrativa ordinaria da entidade.



Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- **Sistema de Notificacións Electrónicas:** O Sistema Notifica.gal ten como finalidade que os cidadáns, as empresas e as administracións públicas, podan recibir de forma áxil e sinxela as notificacións electrónicas enviadas por calquera administración pública galega adherida ao mesmo. Notifica.gal permite o envío de notificacións fidedignas con acuse de recibo e selo electrónico, que confirma tanto o acceso como o rexeitamento da notificación.

A adhesión da Corporación RTVG ao sistema Notifica.gal permitirá, non só dar cumprimento á normativa, senón tamén unha xestión máis eficaz e eficiente dos procedementos da entidade, así como a correspondente redución dos custos asociados ás notificacións en papel.



Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- **Nodo de Interoperabilidade de Galicia.** Plataforma PasaXe!: Os servizos de interoperabilidade habilitan o intercambio de información e documentación por medios electrónicos, de xeito que as Administracións poden obter información dos cidadáns ou empresas de forma sinxela, segura, centralizada e respectando a privacidade dos cidadáns.

A incorporación á Plataforma PasaXe! por parte da CRTVG permitirá axilizar a tramitación dos expedientes da entidade así como evitar aos interesados a presentación de documentación, reducindo as correspondentes cargas administrativas aos particulares.



Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- **Portal do Empregado:** A actividade de xestión dos recursos humanos da CRTVG pode efectuarse de forma máis áxil e eficiente coa implantación dun sistema que permita aos propios empregados realizar directamente actuacións tales como a presentación de solicitudes, modificación dos datos persoais ou o acceso á información do seu interese.

Actualmente o Portal do Empregado está integrado nun procedemento de contratación, en fase de desenvolvemento, co obxecto de contribuir a mellorar as aplicacións informáticas do Departamento de Recursos Humanos.



Nivel operativo. Xestión e procedementos administrativos

- **Relacións coa Administración de Xustiza. LexNet:** O sistema LexNet é un medio de transmisión seguro de información que garante a presentación de escritos e documentos e a recepción de actos de comunicación, as súas datas de emisión, posta a disposición e recepción ou acceso ao contido dos mesmos, no ámbito da Administración de Xustiza.

O uso sistema LexNet permitirá ao Departamento de Asesoría Xurídica da CRTVG axilizar as actuacións que realiza en exercicio das súas competencias e, en particular, na función de asistencia xurídica e representación legal da Corporación nos procesos xudiciais.



Nivel operativo. Contratación administrativa

- A lexislación en materia de contratos administrativos propón que se fomente o uso preferente de medios electrónicos por parte dos licitadores ou candidatos, co obxecto de dar cumprimento aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na contratación administrativa.

Contratación administrativa

1. Licitación electrónica dos contratos

Nivel operativo. Contratación administrativa

- **Licitación electrónica dos contratos:** A plataforma de contratación -PLANTION- e o Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia -SILEX- permiten a realización de todas as actuacións e trámites do proceso de adxudicación dos contratos ata o momento da súa formalización.

Na actualidade, a Corporación RTVG está a tramitar, empregando medios electrónicos, a contratación administrativa na súa fase de preparación a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCPG). A implantación da licitación electrónica dos contratos implicará que a totalidade de trámites da contratación administrativa da entidade se efectúen con medios EIT.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

Xestión económica e orzamentaria

1. Facturación. **SEF-CAG**
2. Xestión orzamentaria. **CODEX**
3. Remisión de información estatística e económica.
4. Relacións coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. **Sistema RED**
5. Relacións coa Axencia Tributaria. **SII**

Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

- **Facturación. SEF-CAG:** O Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia é unha aplicación que permite aos provedores presentar facturas electrónicas ante a CRTVG a través da plataforma web. Ao mesmo tempo, posibilita á propia CRTVG presentar facturas electrónicas ante calquera outro organismo ou entidade integrante do sector público autonómico que se atope adherida ao sistema.

Coa finalidade de axilizar os procedementos asociados coa facturación na Corporación RTVG, o Plan proxecta a incorporación ao sistema electrónico de facturación en entorno web da Comunidade Autónoma de Galicia.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

- **Xestión Orzamentaria. CODEX:** O sistema informático CODEX é un aplicativo que permite centralizar a información económica das entidades integrantes do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

O aplicativo está desenvolvido en entorno web e permite levar a cabo a carga, tramitación e validación dos orzamentos dos organismos e outras entidades dependentes da Xunta de Galicia, incluída a Corporación RTVG que, deste xeito integra os seus orzamentos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

- **Remisión de información estatística e económica:** A CRTVG está suxeita á obriga de remitir periodicamente información estatística e económica ao INE e á CNMV. O cumprimento da obriga de información a ditos organismos debe realizarse empregando as correspondentes sedes electrónicas.

Desde o **Departamento Económico e de Contabilidade** da CRTVG adoptaranse as medidas necesarias para o cumprimento do deber de información ás mencionadas entidades, realizando as correspondentes actuacións dun modo eficiente a través do uso de medios electrónicos.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

- **Relacións coa TXSS. Sistema RED:** O Sistema RED é un servizo xestionado pola TXSS para o intercambio electrónico de datos e documentos, así como para a comunicación de actuacións administrativas co fin de facilitar o cumprimento das obrigas de Seguridade Social por parte dos suxeitos responsables.

A incorporación ao Sistema RED é obrigatoria para a maioría das empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables da obriga de cotizar, situación na que se atopa a Corporación RTVG, que actualmente xa está adherida ao Sistema RED.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

- **Relacións coa Axencia Tributaria. SII:** O Sistema SII (Suministro Inmediato de Información) conleva unha nova forma de relacionarse coa Axencia Tributaria, pasando a un novo sistema de levanza dos Libros rexistro do IVE (Libro rexistro de Facturas Expedidas, de Facturas Recibidas, de Bens de Investimento e de determinadas Operacións Intracomunitarias), xa que deberán realizarse a través da sede Electrónica da AEAT mediante o suministro telemático e practicamente inmediato dos rexistros de facturación.



Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. CORPORACIÓN RTVG

Área: Xestión e Procedementos Administrativos

Relación nominal de procedementos

PROCEDEMENTO	ESTADO	UNIDADE XESTORA	OBSERVACIÓNS
1. Rexistro Electrónico	➤ En proceso	<i>Servizo de Xestión e Servizos Comúns</i>	
2. Notificacións Electrónicas. Notifica.gal	➤ En proceso	<i>Subdirección de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns</i>	
3. Nodo de Interoperabilidade. Plataforma PasaXe!	➤ En proceso	<i>Subdirección de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns</i>	
4. Portal do Empregado	➤ En proceso	<i>Departamento de Recursos Humanos</i>	En fase de desenvolvemento
5. Relacións coa Administración de Xustiza. LexNet	✓ Operativo	<i>Departamento de Asesoría Xurídica</i>	

Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. CORPORACIÓN RTVG

Área: Contratación Administrativa

Relación nominal de procedementos

PROCEDEMENTO	ESTADO	UNIDADE XESTORA	OBSERVACIÓNS
1. Licitación Electrónica dos Contratos. SILEX	➤ En proceso	<i>Subdirección de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns</i>	

Nivel operativo. Xestión económica e orzamentaria

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. CORPORACIÓN RTVG

Área: Xestión Económica e Orzamentaria

Relación nominal de procedementos

PROCEDEMENTO	ESTADO	UNIDADE XESTORA	OBSERVACIÓNS
1. Facturación. SEF-CAG	✓ Operativo	<i>Departamento Económico e de Contabilidade</i>	
2. Xestión Orzamentaria. CODEX	✓ Operativo	<i>Departamento Económico e de Contabilidade</i>	
3. Remisión de Información Económica e Estatística	✓ Operativo	<i>Departamento Económico e de Contabilidade</i>	
4. Relacións coa TGSS. Sistema RED	✓ Operativo	<i>Departamento de Recursos Humanos</i>	
5. Relacións coa Axencia Tributaria. SII	✓ Operativo	<i>Departamento Económico e de Contabilidade</i>	